



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Aprobación inicial e período de información pública do Plan Municipal de Xestión e Prevención de Residuos do Concello da Coruña (PMXR)

ANUNCIO

O Pleno do Concello da Coruña, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de febreiro de 2026, aprobou inicialmente o *Plan Municipal de Xestión e Prevención de Residuos do Concello da Coruña (PMXR)*, cos votos a favor dos grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE (10 votos) e do Bloque Nacionalista Galego (4 votos), e a abstención do Grupo municipal do Partido Popular (11 abstencións), de conformidade co art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na mesma sesión acordouse someter o devandito documento ao trámite de información pública polo prazo de trinta (30) días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), coa fin de que os interesados poidan formular as correspondentes alegacións e suxestións

O documento do *Plan Municipal de Xestión e Prevención de Residuos do Concello da Coruña (PMXR)* estará dispoñible para a súa consulta en formato papel nas oficinas de Medio Ambiente, sitas na rúa Pedro Ferrer s/n, edificio Casa da Auga, 5ª andar, e en formato dixital na [web www.coruna.gal/medioambiente](http://web.www.coruna.gal/medioambiente).

A Coruña, 16 de febreiro de 2026

A Xefa do Servizo de Medio Ambiente,

Victoria E. Hurtado Chaves

2026/954